5.^a) Cal é o seu programa para combater a pobreza e a desigualdade que sofre a sociedade galega?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/12/2017 20:28:16

Antón Sánchez García na data 04/12/2017 20:28:26

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

No resumo executivo sobre a execución orzamentaria das Comunidades Autónomas que fai o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP) desglósase a evolución do gasto non financeiro nos seus diferentes capítulos.

A última información dispoñible é a acumulada entre xaneiro e setembro de 2017, que xa ten un grado de consistencia elevado para ir tirando conclusións.

O gasto non financeiro medrou en Galicia o 2,38% en comparación co mesmo período de 2016, unha cifra decepcionante si temos en conta que o PIB nominal está crescendo a taxas do 4,2% que a inflación interanual media a setembro e do 2,23% e sobre todo que no conxunto do Estado os gastos non financeiros están medrando o 4,3% practicamente o dobre que en Galicia.

A evolución do gasto non financeiro é negativa en conxunto, porque medra a metade que no Estado e catro veces menos que en Canarias ou Baleares, pero este diagnóstico agrávese cando se analiza a evolución do gasto desagregado por capítulos.

O gasto en persoal, o capítulo I, permanece practicamente estancado nos nove primeiros meses de 2017, porque apenas se incrementou no 0,09% en comparación co 2016. Este incremento mínimo, do 0,1%, é pouco compatible co



aumento global do gasto do 2,38%, coa inflación do 2,23% nese período, co incremento do 1% nos salarios dos empregados públicos e, sobre todo, co incremento do 2,31% no gasto de persoal no conxunto das CCAA.

Tendo en conta todas estas variables a única razón que explicaría que o gasto en persoal se estanque só pode ser que se reduza o número de persoas ao servizo da Administración pública. En calquera caso a situación é preocupante, porque o persoal é a variable fundamental na calidade da prestación dos servizos públicos, e a redución en termos reais do capítulo I nun escenario de inflación supón ter menos emprego e con peores salarios.

Igualmente preocupante é a evolución do investimento, tanto o realizado de forma directa pola Xunta de Galicia como o financiado con transferencias de capital. No primeiro caso o capítulo VI de investimentos reais incrementouse no 2,26%, unha cifra moi baixa, similar ao incremento dos prezos, de tal forma que supón o estancamento en termos reais.

Unha preocupación que aumenta si temos en conta que no conxunto das CCAA a inversión real incrementase no 4,3%, o dobre practicamente que en Galicia.

A evolución do capítulo I e do capítulo VI nos nove primeiros meses do ano é moi preocupante. O capítulo I é básico na calidade dos servizos públicos que teñen no persoal, no seu número e na súa retribución, o factor determinante. Á súa vez o capítulo VI é o instrumento para a capitalización do país, porque o investimento público é o instrumento para dotarnos das infraestruturas sobre as que desenvolver a competitividade da economía.

Esta evolución negativa dos dous capítulos máis relevantes do gasto contrasta co inusitado crecemento do capítulo II, o gasto corrente en bens e servizos. Este capítulo incrementase o 13,06% fronte ao 5,4 no conxunto das CCAA.

Unha evolución difícil de entender e aínda máis encaixar no discurso da austeridade, da eficiencia e da boa xestión que fai a Xunta. O gasto de persoal



medra o 0,1%, o investimento o 2,3% e o gasto corrente no 13%, seis veces máis que o investimento e 130 veces máis que o capítulo I.

E isto a austeridade , recortar no superfluo?

Galicia non só ten unha evolución peor que a media das CCAA senón que está entre as peores, porque só Canarias é Castela-León teñen un incremento superior ao noso.

Para sintetizalo nun dato, Galicia é a terceira comunidade na que máis medra o capítulo II pero somos a decimoterceira en incremento do gasto de persoal, unha clasificación que deixa en mal lugar a xestión da Xunta de Galicia.

Tamén é negativa a evolución do capítulo IV, de transferencias correntes e de capital, porque serven para financiar servizos, prestacións e investimentos. A taxa de variación en Galicia deste capítulo é do 1% mentres que na media das CCAA chega ata o 5,9%, isto é, seis veces máis.

O único capítulo de gasto no que Galicia ten unha mellor evolución que o resto de CCAA e o de intereses, porque aquí se reducen no 14,3% en comparación con 2016 mentres que no Estado increméntase no 8,6%. A razón fundamental que explica esta diferenza é que no último ano a Xunta transformou nunha boa parte da débeda con bancos en débeda co Fondo de Financiamento das CCAA, máis coñecido como FLA, que teñen un tipo de interese practicamente de cero.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1.ª) Como é posible que o gasto de persoal medre tan só o 0,9% en 2017 si os salarios dos empregados públicos se incrementan no 1%?



- 2.^a) Como se pode explicar que os gastos de persoal se incrementen en Galicia ese 0,09% mentres que de media no conxunto das CCAA o incremento é do 2,31%?
- 3.^a) Que razón explica que Galicia sexa a cuarta CCAA con peor evolución do gasto de persoal, só por detrás de Cantabria, Extremadura e A Rioxa?
- 4.^a) A Xunta de Galicia está reducindo os cadros de persoal ao seu servizo?
- 5.^a) Como explica a Xunta que o investimento público directo se incremente en Galicia o 2,26% mentres que de media no conxunto das CCAA faino no 4,31%, case o dobre?
- 6.^a) Parécelle aceptable á Xunta a conxelación en termos reais do capítulo VI, xa que o IPC interanual medio de xaneiro a setembro é do 2,23%, a mesma cifra que a taxa de variación do instrumento real?
- 7.^a) Non cree a Xunta que despois de tres anos de fase alcista do ciclo o investimento tiña que medrar de forma significativa para recuperarse dos gravísimos recortes que sufriu no período 2010/2014?
- 8.^a) Como explica que a conxelación dos gastos en persoal –claves para o fundamento dos servizos públicos- e o investimento –determinante na capitalización do país- se produzan ao mesmo tempo que se dispara no 13% o gasto corrente, o capítulo II?
- 9.^a) Que a taxa de incremento do gasto corrente multiplique por 6 a taxa do investimento e por 130 veces a de gastos en persoal é un exemplo de xestión austera?



10ª) Que consecuencias ten para o benestar social e o investimento produtivo que as transferencias apenas medren o 1%, seis veces menos que na media das CCAA?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/12/2017 20:36:07

Antón Sánchez García na data 04/12/2017 20:36:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios, pensións ou prestacións por desemprego.

Este estudo censal, chamado o Mercado de Traballo e de Pensións nas Fontes Tributarias, informa de xeito detallado dos ingresos reais obtidos por todas as persoas que no ano anterior recibiron salarios, pensións ou prestacións por desemprego, polo que é un retrato preciso da realidade do noso país.

En total no ano 2016 en Galicia houbo 1.784.611 persoas con ingresos de orixe laboral, salario, pensión ou prestación por desemprego.

Os datos do informe da Axencia Tributaria reflicten que os ingresos medios declarados foron de 16.140 euros brutos anuais. Este é de importe medio para o conxunto das diferentes categorías, pero hai elevadas diferenzas entre elas.

Son as persoas asalariadas as que declaran un maior ingreso medio: 18.114 euros brutos anuais. A continuación están os pensionistas que declaron un ingreso medio de 12.273 euros. E por ultimo e moi por debaixo están os desempregados que cobraron unha prestación media de tan só 4.135 euros en todo o ano.

Este dato permite valorar o ingreso medio por persoa en Galicia vinculado a rendas de orixe laboral. Estes 16.140 euros brutos anuais equivalen a 1.345 euros mensuais en doce mensualidades, pero como na maioría das situacións o salario e



as pensións inclúen dúas pagas extraordinarias, para poder comparar mellor repartimos a renda media declarada en catorce pagas, e o resultado é 1.152 euros brutos.

Esta é a cifra bruta, isto é, antes da cotizacións á Seguridade Social, no seu caso, e das retencións por IRPF en outros, polo que en termos netos o ingreso medio declarado por asalariados, pensionistas e desempregados con prestación sitúase lixeiramente por riba de 1.000 euros netos en 14 pagas: Galicia é unha sociedade mileurista.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que lle parece que a sociedade galega sexa maioritariamente mileurista?
- 2.^a) Que opinión ten de que os pensionistas de Galicia declaren un ingreso medio anual de 12.273 euros ao ano, isto é, 876 euros brutos ao mes en 14 pagas?
- 3.^a) Parécelle normal que a prestación media que perciben os desempregados en Galicia sexa de 4.135 euros en todo o ano 2016?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/12/2017 20:40:55

Antón Sánchez García na data 04/12/2017 20:41:03

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Nun dos últimos Consellos da Xunta a Consellería de Medio Ambiente emitía un informe sobre a situación actual da seca na nosa Comunidade Autónoma. Hoxe xa estamos en situación de alerta en toda Galicia.

Nun pobo de Marrocos, Sidi Bulaalam, non se fala de cambio climático nin do boicot de Donald Trump ao Acordo de París, só se fala de que lles falla algo tan indispensable como é a auga e de que morre xente como consecuencia. Mentres, en España e en Galicia todos os indicadores ambientais e climáticos sobrepasan xa os umbrais máis negativos. En tanto, a Conselleira de Medio Ambiente está instalada na súa inacción e agora todo son urxencias no rescate de instalacións e infraestruturas asfixiadas polo baleiro orzamentario e apelacións a un aforro e a unha eficiencia dificilmente apreciábeis nun Goberno que todo o fía á caída da chuvia mentres o nivel dos encoros cae semana tras semana.

O certo é que a nova realidade climática obriga a repensar dende a súa raíz a política da auga e quizais sexa o momento xa dunha lei de transición hidrolóxica. Necesitamos adaptalo todo, precisamos medidas de prevención, tales como as que potencien o aforro e eficiencia na distribución e uso de auga, as posibles obras que intercomunique as concas, a reutilización da auga para o agro, as axudas para dar auga ao gando, a facilitación da autoprodución de enerxías renovables para os regantes, a xeración de fontes alternativas, o mantemento dos ecosistemas fluviais e, por suposto, as campañas reiteradas de sensibilización e concienciación de todos os galegos e galegas, de todas as súas institucións e de todas as empresas sobre a necesidade de facer un uso responsable da auga. Porque o cambio climático crea un novo

Grupo Parlamentario

escenario que fai necesario incentivar a xestión dende usos sustentables.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as conclusións do informe da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sobre a situación actual da seca na nosa Comunidade Autónoma?
2. Comparte o Goberno galego que a seca se debe combater en época de chuvias?
3. Ten previsto o Goberno galego repensar dende a súa raíz a súa política da auga?
4. Ten previsto o Goberno galego unha nova Lei de transición hidrolóxica para Galicia?
5. Vai adoptar o Goberno galego medidas de prevención de maneira inmediata?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2017 11:25:03

José Antonio Quiroga Díaz na data 05/12/2017 11:25:11

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/12/2017 11:25:16



 Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 05/12/2017 11:25:21

María Luisa Pierres López na data 05/12/2017 11:25:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sanchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 3.^a**.

O Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP) acaba de publicar o seu resumo executivo sobre a execución orzamentaria referido aos nove primeiros meses de 2017.

No citado informe detallase a evolución dos ingresos desagregados polas súas diferentes orixes e ademais permite unha análise comparada entre as diferentes CCAA do Estado.

Os ingresos non financeiros medraron en Galicia o 2,08% en comparación co mesmo período de 2016, unha cifra decepcionante si temos en conta que o PIB nominal está crescendo a taxas do 4,2%, que a inflación interanual media a setembro é do 2,23% e sobre todo que no conxunto das CCAA a taxa de variación dos gastos non financeiros está medrando o 4,95%.

É polo tanto unha evolución moi preocupante porque no terceiro ano da fase alcista do ciclo os ingresos públicos estáncanse en termos reais, a súa taxa de variación nominal é menos da metade da do resto de CCAA e como se incrementa moito menos que o PIB nominal dan continuidade ao proceso de perda de peso do público e na economía.

Pero o motivo de preocupación fundamental é que senón se incrementan os ingresos non se disporá dos recursos necesarios para recuperar o nivel de



dotacións dos servizos públicos e da política social gravemente recortados nestes anos de austeridade compulsiva.

En realidade esta é a estratexia explicitada polo Goberno central no programa presupostario presentado á Comisión Europea, que ten como liña central ir reducindo o peso dos ingresos e do gasto público en relación ao PIB.

A análise desagregada dos ingresos permite comprobar que a evolución en Galicia é peor que a media das CCAA en practicamente todas as figuras que a compoñen.

A primeira desagregación é a que divide os ingresos entre os recursos do sistema de financiamento autonómico e os ingresos non financeiros con outra orixe.

Os recursos do sistema recibidos ata setembro son 5.353 millóns de euros e os restantes son 1.030 millóns de euros, que sumados son os 6.383 millóns de euros que conforman o total de ingresos non financeiros de Galicia ata setembro de 2017.

Pero máis que a cifra absoluta do relevante é a taxa de variación, en especial a súa comparación coa media das CCAA.

Na fonte principal de ingresos, os recursos do sistema de financiamento, o resultado é negativo: a taxa de incremento dos ingresos en Galicia é do 3,1% mentres que na media das CCAA do réxime común os ingresos que reciben do sistema medran o 5,8%.

Os ingresos derivados do modelo de financiamento aumentan en Galicia a metade do que o fan no resto das CCAA, unha evolución negativa que fai que ocupemos a quinta peor posición en todo o Estado.

Pero a evolución é moito peor nos ingresos distintos aos recursos do sistema, basicamente os impostos cedidos ás CCAA, porque aquí a diferenza coa media non é cuantitativa senón cualitativa.



No conxunto das CCAA estes ingresos incrementáanse no 2,9% en comparación con 2016 pero en Galicia non só non medran senón que caen o 2,8%.

Galicia está entre as cinco das dezasete CCAA nas que cae a recadación dos tributos cedidos, que é a compoñente fundamental deste tipo de ingresos.

Galicia xa foi a CCAA con peor evolución nos tributos cedidos entre 2014 e 2016 e os datos da execución de 2017 confirman este resultado negativo provocado pola ineficiencia na xestión como nos beneficios fiscais amparados pola Xunta que reducen a capacidade recaudatoria dos impostos.

A peor evolución afecta a practicamente todas as fontes de ingresos incluídas neste grupo. Os ingresos do Imposto de Sucesións e Doazóns medra o 0,8% en Galicia fronte ao 1,2% de media no resto das CCAA. O Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados sube un 6,3% en Galicia fronte ao 15% no resto.

Só no imposto sobre o patrimonio os ingresos en Galicia son lixeiramente superior á media estatal.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentar de En Marea realiza as seguintes preguntas:

1.^a) Como explica a Xunta que os ingresos non financeiros medren en Galicia o 2,08% tendo en conta que o PIB nominal faino a taxas do 4,2%, que a inflación interanual media a setembro e do 2,23% e que a taxa de variación no conxunto das CCAA e do 4,95%, máis do dobre que en Galicia?

2.^a) Por que razón os ingresos que dependen do sistema de financiamento autonómico medraron en Galicia o 3,1% cando no conxunto das CCAA do réxime común aumentan os seus ingresos o 5,8%?



3.^a) Por que razón o resto dos ingresos, que dependen fundamentalmente dos tributos cedidos ás CCAA, caen en Galicia o 2,8% mentres que no resto das CCAA se incrementa de media o 2,9%?

4.^a) Como explica a Xunta que Galicia forme parte do reducido grupo de CCAA con evolución negativa neste tipo de ingresos, vinculados a figuras tributarias que gravan a riqueza e a súa transmisión?

5.^a) Esta perda de peso dos ingresos en comparación coa riqueza –medrar o 2,1% e o PIB nominal o 4,2%- forma parte da estratexia do Partido Popular de reducir a presenza do público na economía?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 05/12/2017 13:03:25



Antón Sánchez García na data 05/12/2017 13:03:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

O Ministerio de Hacienda e Función Pública (MINHAP) acaba de publicar o informe mensual correspondente ao mes de setembro cos datos da execución orzamentaria das Comunidades Autónomas.

Este informe permite coñecer e analizar a evolución orzamentaria acumulada ao mes de referencia que neste caso, ao ser o mes de setembro, ten xa valores significativos.

O informe do Ministro detalla a evolución dos ingresos e os gastos así como o déficit ou superávit das diferentes Comunidades Autónomas.

Como despois se verá, Galicia presenta cifras positivas de superávit orzamentario pero negativas na súa forma de conseguilo, porque non o fai ingresando máis, senón gastando menos.

Os ingresos non financeiros acumulados ata setembro de 2017 acadaron en Galicia a cifra de 6.384 millóns de euros, cantidade que comparada co mesmo período do ano 2016 supón un incremento do 2.08%.

Esta taxa de variación dos ingresos é sen dúbida decepcionante, porque a economía está medrado en termos nominais no 4.2%, o dobre que os ingresos.

Pero ademais, de decepcionante é preocupante cando se compara co resto das Comunidades Autónomas do Estado: a taxa de variación media dos ingresos, no total das CCAA é do 4,95%, isto é, multiplica por 2,5 veces a taxa de Galicia.



Unha diferenza enorme, de difícil comprensión, que acada a súa máxima expresión cando a comparamos coas CCAA con mellor comportamento. Porque en Canarias a taxa de incremento dos ingresos non financeiros é do 9,8%, en Baleares do 9,4%, na Comunidade Valenciana do 8,77%, en Cataluña do 8,62% e do 7,87% en Navarra.

Galicia ten, polo tanto, unha taxa de variación dos ingresos non financeiros moi baixa que a coloca como a terceira peor entre as CCAA do réxime común.

Para entendela mellor, si Galicia tivera unha taxa de variación igual á media das CCAA os seus ingresos serían 182 millóns máis que os realmente acadados ata setembro, e chegarían ata 420 millóns de euros máis coa taxa de Valencia ou Cataluña.

Peor hai algo máis. O IPC interanual medio entre xaneiro e setembro en Galicia é do 2,23%, de tal forma que si descontamos a inflación da taxa nominal o resultado é que en termos reais os ingresos non financeiros en Galicia están estancados.

Porque tendo unha peor evolución nos ingresos Galicia está entre as CCAA con maior equilibrio orzamentario? Porque o que fai e gastar menos. Gastar menos é a forma que ten a Xunta de Galicia para acadar o superávit orzamentario.

O gasto non financeiro acumulado ata setembro en Galicia é de 5.990 millóns de euros, o que supón unha taxa de variación do 2,38%, sobre o mesmo período do 2016, cifra que é practicamente a metade da media do resto das CCAA.

No conxunto das CCAA do Estado o gasto non financeiro incrementouse no 4,3% sobre o ano anterior, case o dobre que a taxa de Galicia, o que pon de evidencia a estratexia de gastar menos que ten a Xunta de Galicia.

Aquí tamén as diferencias coas CCAA que teñen un mellor desempeño é notable. Galicia é a quinta comunidade do réxime común na que menos se incrementa o



gasto e sitúase a gran diferenza das que encabezan o ranking. Outra vez Canarias e Baleares son as que incrementan máis a súa capacidade de gasto, no entorno do 9%, grazas aos seus maiores ingresos. Pero tamén Madrid co 4,98%, e Comunidade Valenciana co 4,62% teñen taxa de incremento do gasto non financeiro moi por riba de Galicia.

Facendo un cálculo similar ao dos ingresos, si Galicia tivera a mesma taxa de variación do gasto que a media do Estado, os servizos públicos galegos dispoñerían de 109 millóns de euros máis ata setembro, cifra que se elevaría ata 384 millóns de euros si acadáramos a taxa de Baleares ou Canarias.

E aquí tamén hai que recordar que si a inflación interanual media ata setembro está no 2,23% o gasto en termos reais está estancado.

En síntese, cos datos acumulados ata setembro, Galicia presenta unha evolución orzamentaria preocupante e negativa, con taxas de variación dos ingresos e dos gastos non financeiros de apenas a metade da media das CCAA e moi alonxada dos que teñen mellores valores, o que se traduce en ingresos e gastos por debaixo da media o que cuestiona a estratexia da consolidación fiscal, porque o equilibrio orzamentario non se consegue ingresando máis senón gastando menos.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3.^a:

1.^a) Como explica a Xunta que a taxa de variación dos ingresos non financeiros acumulada a setembro de 2017 sexa do 2,08% en comparación co 2016 mentres que o PIB nominal crece o 4,2%?

2.^a) Como explica que en termos reais os ingresos apenas crezan, xa que o IPC interanual acumulado ata setembro é do 2,23%?

3.^a) Cal é a razón de que os ingresos medren en Galicia a metade do que o fan no resto das CCAA?



- 4.^a) Ten cuantificado a Xunta os menores ingresos dos que dispón por esta peor evolución comparada coa media do Estado e sobre todo coas CCAA con mellor evolución?
- 5.^a) Como explica a Xunta que a taxa de variación do gasto non financeiro sexa do 2,38% mentres que o PIB nominal crece no 4,2% entre xaneiro e setembro de 2017?
- 6.^a) Esta evolución forma parte da estratexia do goberno de ir reducindo o peso do gasto público en relación ao PIB, segundo o comportamento do Goberno central coa Comisión Europea?
- 7.^a) Como explica que en termos reais o gasto non financeiro estea estancado en 2017, o cuarto ano da fase alcista do ciclo?
- 8.^a) Cal é a razón que pode explicar que a taxa de variación do gasto non financeiro no conxunto das CCAA sexa do 4,3% mentres que en Galicia é do 2,38%, practicamente a metade?
- 9.^a) Ten cuantificado a Xunta o incremento do gasto en sanidade ou en educación que teríamos si o gasto público medrara en Galicia en taxas similares ás das CCAA con mellor evolución?
- 10.^a) Por que Galicia está na cola das CCAA na evolución da variación do gasto público?
- 11.^a) A evolución descrita no informe do MINHAP de menores ingresos e menores gastos é a estratexia de consolidación fiscal que ten o Goberno?



12ª) Parécelle mellor esta vía –incrementar os ingresos non financeiros no 2,08% e os gastos no 2,3%- que a vía canaria, onde os ingresos se incrementan no 9,8% e iso lles permite consolidar pero tamén mellorar o gasto público no 9,4%?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 05/12/2017 13:02:19

Antón Sánchez García na data 05/12/2017 13:02:32

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Na finca de Lourizán (dun valor botánico incalculable), hai un espectacular edificio de aire romántico do século XIX. Construído polo arquitecto Genaro de la Fuente Domínguez e del destaca a súa fachada cunha grande escalinata de corte imperial con balaustrada e estatuas. Esta fermosísima construción (íntegrada no Patrimonio Cultural de Galicia) fora residencia de verán do entón Presidente do Goberno Eugenio Montero Ríos e nel firmáronse importantes decisións políticas para o país, pois o pazo era centro de reunión de políticos, xornalistas, intelectuais e artistas.

Ocorre que as obras de conservación da zona nobre do conxunto da finca de Lourizán corresponden á Xunta de Galicia, consonte o establecido na cláusula 3^a, apartado b), do Convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente sobre aproveitamento da finca de Lourizán, asinado o 21 de xaneiro de 2000, polo que se adaptou ás novas realidades orgánicas e funcionais da Xunta o anterior Convenio de cooperación entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Deputación Provincial de Pontevedra, subscrito o 22 de xaneiro de 1991, polo que a Deputación cedera por 30 anos á Xunta de Galicia o uso da finca e das edificacións.

Non obstante, só fai falla dar unha volta pola finca para darse de conta de que a Xunta de Galicia non ten desenvolvido nin unha soa obra, pois o estado de conservación do pazo é lamentable. E así consta na memoria técnica sobre as intervencións precisas para a súa conservación que foi elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, que calcula un investimento de máis de 14

Grupo Parlamentario

millóns de euros para a súa recuperación. Di o informe que a seguridade estrutural do edificio non está garantida en varias zonas, pois a galería está apuntalada, varios dinteis se atopan rotos e algunhas zonas teñen repisado en varias salas e corredores; que hai humidades, zonas invadidas pola vexetación e áreas colonizadas por algas, mofo e líquenes; que a parte da cuberta da cara sur do inmovible está comezando a se fundir con riscos para a seguridade eléctrica e con perigo de cortocircuitos; que as carpinterías interiores e exteriores están en moi mal estado e que non se dispón de ningunha vixilancia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que clase de actuacións desenvolve o Goberno galego respecto dos bens que pertencen ao Patrimonio Cultural de Galicia?
2. Ten coñecemento o Goberno galego do estado lamentable de conservación do Pazo de Lourizán, en Pontevedra?
3. Considera o Goberno galego que cumpre as obrigas ás que se comprometeu no convenio firmado coa Deputación de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e logo ratificado no ano 2000?
4. Sabe o Goberno galego que obras precisa o Pazo de Lourizán para a súa conservación?
5. Fíxoas?
6. Vainas facer? Cando?
7. Sabe o Goberno galego a canto poden ascender estas obras?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2017 12:11:12

María de la Concepción Burgo López na data 05/12/2017 12:11:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2017 12:11:23

Raúl Fernández Fernández na data 05/12/2017 12:11:33

María Luisa Pierres López na data 05/12/2017 12:11:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Na finca de Lourizán (dun valor botánico incalculable), hai un espectacular edificio de aire romántico do século XIX. Construído polo arquitecto Genaro de la Fuente Domínguez e del destaca a súa fachada cunha grande escalinata de corte imperial con balaustrada e estatuas. Esta fermosísima construción (integrada no Patrimonio Cultural de Galicia) fora residencia de verán do entón Presidente do Goberno Eugenio Montero Ríos e nel firmáronse importantes decisións políticas para o país, pois o pazo era centro de reunión de políticos, xornalistas, intelectuais e artistas.

Ocorre que as obras de conservación da zona nobre do conxunto da finca de Lourizán corresponden á Xunta de Galicia, consonte o establecido na cláusula 3^a, apartado b), do Convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería de Medio Ambiente sobre aproveitamento da finca de Lourizán, asinado o 21 de xaneiro de 2000, polo que se adaptou ás novas realidades orgánicas e funcionais da Xunta o anterior Convenio de cooperación entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Deputación Provincial de Pontevedra, suscrito o 22 de xaneiro de 1991, polo que a Deputación cedera por 30 anos á Xunta de Galicia o uso da finca e das edificacións.

Non obstante, só fai falla dar unha volta pola finca para darse de conta de que a Xunta de Galicia non ten desenvolvido nin unha soa obra, pois o estado de conservación do pazo é lamentable. E así consta na memoria técnica sobre as intervencións precisas para a súa conservación que foi elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra, que calcula un investimento de máis de 14 millóns de euros para a súa recuperación. Di o informe que a

Grupo Parlamentario

seguridade estrutural do edificio non está garantida en varias zonas, pois a galería está apuntalada, varios dinteis se atopan rotos e algunhas zonas teñen repisado en varias salas e corredores; que hai humidades, zonas invadidas pola vexetación e áreas colonizadas por algas, mofo e líquenes; que a parte da cuberta da cara sur do inmovible está comezando a se fundir con riscos para a seguridade eléctrica e con perigo de cortocircuitos; que as carpinterías interiores e exteriores están en moi mal estado e que non se dispón de ningunha vixilancia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que clase de actuacións desenvolve o Goberno galego respecto dos bens que pertencen ao Patrimonio Cultural de Galicia?
2. Ten coñecemento o Goberno galego do estado lamentable de conservación do Pazo de Lourizán, en Pontevedra?
3. Considera o Goberno galego que cumpre as obrigas ás que se comprometeu no convenio firmado coa Deputación de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e logo ratificado no ano 2000?
4. Sabe o Goberno galego que obras precisa o Pazo de Lourizán para a súa conservación?
5. Fíxoas?
6. Vainas facer? Cando?
7. Sabe o Goberno galego a canto poden ascender estas obras?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2017 12:12:03



 Grupo Parlamentario

María de la Concepción Burgo López na data 05/12/2017 12:12:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2017 12:12:13

Raúl Fernández Fernández na data 05/12/2017 12:12:23

María Luisa Pierres López na data 05/12/2017 12:12:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral na Comisión 4.^a**, relativa á cesión gratuíta das instalacións, no actual edificio da Biblioteca Pública de Ourense na Rúa do Concello nº 11, ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e a diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade, no momento no que a Biblioteca sexa trasladada ao Complexo Cultural de San Francisco.

Parece que finalmente o proxecto da Biblioteca Pública do Estado será unha realidade palpable e tanxible no vindeiro ano 2018, despois de 17 anos de espera. Lonxe fica xa a adxudicación inicial do proxecto no ano 2000, a subsanación de erros acometida no 2007, e os litixios xudiciais entre a anterior empresa adxudicataria e as administracións.

Este proxecto implica varios niveis administrativos: Ministerio de Cultura; Consellería e Concello de Ourense. Conta cunha superficie de máis de 12.000 metros cadrados, bañado pola luz natural, diáfano e ben diferente da biblioteca actual, no edificio da Rúa Concello.

Ubicada no Complexo Cultural de San Francisco, ao carón do claustro gótico (que constitúe unha das pezas máis relevantes do patrimonio histórico-cultural da cidade), compartirá espazo co futuro edificio do Arquivo Histórico Provincial e complementará aos xa existentes: Auditorio Municipal, Universidade Popular e Escolas Municipais de Teatro e Artes Escénicas.

Unha vez rematada a obra, procederáse ao traslado da actual Biblioteca Pública situada na Rúa Concello nº 11 e ao baleirado do edificio de 5 plantas actualmente



ocupadas por unha sala infantil e xuvenil, biblioteca e salón de actos con 110 butacas, sala de lectura, sala de actividades e arquivos, ademais da actual sede da Delegación de Educación.

O espazo baleiro, unha vez que se trasladen os 200.000 volumes que alberga a Biblioteca, podería acoller ao Ateneo de Ourense e ao Cineclub Padre Feijóo, así como a diferentes asociacións e colectivos culturais da cidade carentes de espazo. O Ateneo de Ourense está provisionalmente instalado nas dependencias do Centro Cultural Marcos Valcárcel xa que a Xunta afirmou que non dispuña de local ningún para ofrecelo como sede. Unha vez que se complete o traslado da Biblioteca Pública a San Francisco, segundo se comprometeu o Conselleiro Román Rodríguez, procederá a reordenar o edificio e estudar a cesión do espazo ao Ateneo.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Vai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ceder gratuitamente as instalacións, no actual edificio da Biblioteca Pública de Ourense na Rúa do Concello nº 11 ao Ateneo de Ourense, ao Cineclub Padre Feijóo e a diferentes asociación e colectivos culturais da cidade, no momento no que a Biblioteca sexa trasladada ao Complexo Cultural de San Francisco?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2017 17:11:14

Luca Chao Pérez na data 05/12/2017 17:11:24

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

A oposición á mina de Touro é case unánime. Só conta co respaldo do Partido Popular, que ve nela unha oportunidade de facer negocio a costa de malvender un anaco do noso territorio. Os demais actores políticos e sociais manifestáronse xa na súa contra. A xulgar pola última investigación ao respecto, sobran os motivos para facelo.

Segundo un estudo realizado por investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo, da Universidade de Swansea (Gales) e do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC con sede en Vigo, a actividade mineira que se levou a cabo en Touro entre os anos 1973 e 1986 reduciu o número de salmóns no río Ulla, así como o seu tamaño. O responsable de que isto sucedera foi o cobre que se extraeu da mina.

O cobre é un oligoelemento esencial nos organismos acuáticos que actúa como cofactor para varias enzimas que desempeñan un papel fundamental no metabolismo celular. Por isto mesmo, o exceso de cobre na auga afecta a integridade estrutural do tecido das branquias e a osmorregulación, reducindo a supervivencia dos peixes, sobre todo nas etapas xuvenís, e durante as migracións ao medio mariño.

Os investigadores analizaron os restos de metais pesados nas escamas de case 500 salmóns capturados no Ulla durante máis de medio século, de 1951 a 2012, e



compararon os valores cunha mostra control tomada no río Miño. A análise demostrou que se producira unha maior bioacumulación de cobre nos peixes do Ulla que coincidía co período de actividade mineira. Foi por iso que se produciu un descenso significativo do número de salmóns no río que aínda hoxe non foi revertido.

Isto engade outra razón á lista para non permitir que a mina de Touro abra de novo as súas portas. O salmón é un animal nunha situación de risco extremo en toda a península debido a súa escasa resiliencia. A actividade mineira situaría ás poboacións atlánticas ao borde da extinción. Para protexelas, temos que evitar que o cobre volva a concentrarse nos nosos ríos.

Ademais, a reactivación da actividade mineira en Touro prexudicaría tamén ao marisqueo, xa que contaminaría a desembocadura do Ulla, na ría de Arousa. Deste xeito, suporía a destrución de postos de traballo respectuosos coa natureza a cambio doutros que porían en risco o medio natural.

É a nosa obriga, polo tanto, opoñernos novamente á reapertura da mina de Touro e esixir que se protexan as especies animais ameazadas pola posible contaminación.

Por todo o exposto, o deputado asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Que efectos tería a reactivación da mina de Touro na contorna natural e, en particular, nos ríos e regatos da zona de influencia?
- Como se vería afectada a fauna e a flora?
- Que avaliación fai o Goberno dos efectos contaminantes que tivo a actividade mineira de Touro durante os anos 70 e 80?

Santiago de Compostela, a 5 de decembro de 2017.



Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 05/12/2017 17:47:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Segundo o documento sobre conflito de intereses no ámbito da saúde, publicado pola Xunta de Galicia e aprobado polo Consello de Bioética de Galicia, denomínase conflito de intereses ao conxunto de circunstancias que orixina un risco de que o xuízo ou a actuación dun profesional respecto dun interese primario poida verse influído de forma indebida por un interese secundario.

Na mesma liña, a Lei 1/2016 de Transparencia e Bo Goberno, explica na súa exposición de motivos a necesidade de potenciar o control sobre os eventuais conflitos de intereses que poidan xurdir no exercicio do altos cargos, regulando ditos conflitos no artigo 43 da mesma norma.

Con todo, a práctica está moi lonxe da teoría e nestes últimos meses non paran de saír exemplos prácticos de portas xiratorias e desvíos de poder no eido da sanidade galega.

A última noticia a atopamos na designación da ex conselleira de Sanidade Rocio Mosquera para a dirección da empresa pública Galaria, encargada de xestionar a alta tecnoloxía da sanidade galega.

Neste sentido, é necesario cuestionar en primeiro lugar a propia existencia de Galaria (antigo MEDTEC) como empresa provedora de servizos de alta tecnoloxía, ao ser un foco de denuncia pública por opacidade, ademais de resultar incomprendible que sendo a innovación en tecnoloxía unha das motivacións da existencia da empresa, esta estea subcontratada polo SERGAS mediante unha



colaboración público-privada, un tipo de xestión ao que a Sra. Mosquera foi moi proclive na súa etapa na Consellería de Sanidade con fórmulas e modelos de xestión privada, especialmente agraviantes para a área sanitaria de Vigo, e con decisións mediatizadas por conflitos de interese e políticas privatizadoras.

A encomenda realizada para a xestión da Oficina Técnica do Novo Hospital de Vigo e a subcontratación coa empresa Eficiencia Clinical Management, non só constituíu unha porta xiratoria en sí mesma, si non que tivo uns pésimos resultados de xestión, chegando a ser substituída pola xestión pública. No referente ao Novo Hospital de Vigo, a ex conselleira puxo en marcha a privatización do mesmo mediante unha fórmula de concesión de obra pública a iniciativa de financiación privada, coñecida como PFI, pola que se privatizou a xestión no novo hospital e se reduciron de forma substancial as prestacións sanitarias do mesmo para favorecer os intereses económicos da empresa privada concesionaria, que a día de hoxe xa ten amortizado un terzo da débeda de construción, mentres que o Servizo Galego de Saúde deberá pagar un canon de 68 millóns a esta empresa durante a lo menos 20 anos, a maiores dos custos de outros servizos como a limpeza ou a lavandería.

Respecto ao conflito pola xestión privatizadora do Novo Hospital de Vigo, non debemos esquecer que este rematou co seu mandato cando foi cesada como Conselleira logo dunha masiva manifestación na que a cidadanía de Vigo rexeitou a súa política sanitaria.

Pero os tratos de favor da Sra. Mosquera, exemplificáronse tamén coa renovación do concerto co Hospital Povisa cun evidente conflito de intereses ao formar parte dos órganos directivos Do Hospital A nosa Señora da Esperanza, pertencente o grupo Povisa.

A elección deste persoa, constitúe unha falta de respecto a cidadanía e á propia lexislación en materia de incompatibilidades non so polo trato de favor ás



empresas privadas durante o seu mandato como conselleira se non porque durante a súa carreira profesional veu ocupando varios postos de relevancia na xestión de empresas e hospitais privados que facturan grandes cantidades ao Servizo Galego de Saúde.

Esta noticia, únese a xa publicada fai uns meses sobre a purga do Goberno de Feijóo aos xefes de servizo de varios hospitais que podían resultar incómodos para a execución das privatizacións levadas a cabo dende a súa chegada ao goberno, manifestando Xustiza, tanto en primeira instancia como no Tribunal de Xustiza de Galicia que eses ceses e as súas novas adxudicacións, estaban viciadas dun evidente desvío de poder, como foi o caso da praza que se entregou a Manuel Bustamante, marido da exconselleira de sanidade a Sra. Mosquera.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Considera o Goberno que as actuacións expostas son acordes coa Lei?
- Considera o Goberno que as actuacións expostas son éticas?
- Considera o Goberno que existen conflitos de interese nas mencionadas actuacións?
- Considera o Goberno que existe conflito de interese na designación da Sra. Mosquera?
- Cales son os motivos do Goberno para premiar deste xeito a unha persoa que foi cesada das súas funcións?
- Que opinión lle merece ao Goberno os pronunciamentos da Xustiza en relación ao cese dos xefes de servizo?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 05/12/2017 17:48:11

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

As costas galegas arrastran unha longa historia de contaminación. Lembramos fai pouco o triste aniversario do Prestige, pero, por desgraza, non é o único fito negro que temos que ter presente. Hai outros que, ademais, contan co agravante de ter sido deliberados.

Durante décadas, oito países europeos verteron residuos nucleares preto da nosa terra. Entre 1949 e 1982, Gran Bretaña, Bélxica, Holanda, Francia, Suíza, Suecia, Alemaña e Italia desfixéronse dunhas 140.000 toneladas de material contaminante na Foga Atlántica. Empregaron para elo bidóns de aceiro e formigón que non estaban deseñados para conter indefinidamente os residuos. Algúns dos vertidos, como os británicos de 1964, permanecen a só 200 quilómetros de Asturias. Non obstante, 35 anos despois, os gobernos do Partido Popular prefiren mirar cara outro lado en vez de fiscalizar se o material supón algún tipo de risco para o medio ambiente e a saúde. De feito, ninguén parece ter moi claro a quen lle corresponde vixialo.

O Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA), que considera os residuos de baixa intensidade, asegura que non é a súa competencia vixiar o seu estado. A Organización Marítima Internacional (IMO) entende que o control das verteduras lle atinxe á OIEA e á OSPAR, unha organización creada por diversos gobernos europeos e a propia Unión Europea co obxecto de protexer o medio ambiente mariño no Atlántico nororiental. Porén, a OSPAR nin sequera sabe cando se realizou o último estudo sobre os bidóns radioactivos ou cando se



realizará o próximo. Mentres tanto, o Estado español límitase a botar balóns fora dicindo que non é a súa competencia. Ao parecer, protexer a saúde dos españois e o medio ambiente non forma parte das súas atribucións.

Non tería que ser preciso subliñar que os vertidos de residuos nucleares precisa dun control constante, xa que os riscos que entrañan non desaparecen co paso do tempo. Polo tanto, é de xustiza que os responsables de depositar milleiros de toneladas de material contaminante ao carón das nosas costas asuman a responsabilidade dos mesmos, vixiándoos e elaborando informes que garantan á limpeza das augas. Neste sentido, o Goberno da Xunta e do Estado español teñen que facer valer os intereses dos galegos e galegas perante o resto da Comunidade Europea. A inacción política de Núñez Feijóo e Mariano Rajoy neste tema podería ter consecuencias funestas para todos e todas nós.

Por todo o anteriormente exposto presentase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que investigacións acerca dos vertidos mencionados manexa o Goberno da Xunta? Cales son as súas conclusións acerca dos seus efectos contaminantes? Que investigacións conta que se fagan no futuro próximo?
- De que control e de que vixilancia son obxecto os vertidos? Á Xunta de Galicia parécenlle dabondo?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 05/12/2017 17:59:39

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

O pasado 11 de xullo de 2017 no Pleno do Parlamento a conselleira do Mar respondía a unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista sobre as accións que o Goberno da Xunta de Galicia podería desenvolver para aspirar a albergar en Galicia o laboratorio europeo de control bacteriolóxico de bivalvos, que se atopaba na cidade de Weymouth (Gran Bretaña) e que, por mor do Brexit, apuntaba que debería buscar nova siutación. A conselleira do Mar respondía, naquela pregunta en Pleno, que a aposta do Goberno da Xunta de Galicia era “*firme e decidida*”, e engadía como dato que existía contacto permanente co Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e con Ministerio de Sanidade, por ter ambos competencias administrativas nos procesos de presentación de candidatura e de avaliación destas. De maneira concreta, a propia conselleira manifestaba naquel momento que “*a semana pasada volvín a remitir documentación ao Ministerio de Sanidade...*”.

No 10 de outubro, o Grupo Socialista volvía a formular o debate sobre esta cuestión no Parlamento de Galicia, esta vez cunha proposición non de lei na comisión 8^a do Parlamento de Galicia. Aprobouse, por unanimidade, unha resolución que indicaba, literalmente, que

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituír a mellor candidatura formal do Estado para que Galicia acolla o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conseguir a chegada do dito laboratorio.

(Comisión 8ª do Parlamento de Galicia. 10 de outubro de 2017).

De forma paralela, os/as representantes do Partido Socialista trasladaron as preguntas ao Congreso dos Deputados, nas que preguntaron ao Goberno de España, que tras afirmar ata dúas veces que Galicia sería unha “perfecta candidata” (*Respostas do goberno 41609 e 49428*).

Para evidenciar o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia coa candidatura de Galicia, o pasado 24 de novembro Núñez Feijoo lanzaba a candidatura do Intecmar ao laboratorio europeo nun acto para conmemorar o 25 aniversario do propio centro, indicando que existía a posibilidade de “conseguir oficializar a candidatura”, como se pode comprobar en todas as publicacións de medios de comunicación galegos do día 25.

A pesares de todo o anterior, foi coñecido, agora, que o 17 de maio do 2017 a Comisión Europea manifestaba a resolución de suprimir o laboratorio europeo na reunión do Comité Permanente de Plantas, Animales, Alimentos y Piensos. Antes de todas as declaracións e supostas accións do goberno de Galicia xa eran coñecedores da imposibilidade de aspirar a esta candidatura.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o Goberno galego continuou anunciando unha candidatura imposible cando xa coñecía da decisión da Comisión Europea?
2. Quen considera o Goberno galego que son as persoas responsables de pretender difundir unha información falaz sobre o laboratorio europeo de control bacteriolóxico de bivalvos?

Grupo Parlamentario

3. Que medidas vai tomar o Goberno galego cos e coas responsables de difundir e promover a falacia da candidatura galega ao laboratorio europeo cando xa eran sabedores da imposibilidade de facelo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2017 18:26:16

María Dolores Toja Suárez na data 05/12/2017 18:26:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira, deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a, sobre **valoración polo Goberno da Xunta do axuste á Lei 1/2016 de Transparencia e Bo Goberno do nomeamento de D^a María Luisa Brandt Sanz como directora-xerente de Povisa.**

A finais do pasado mes de outubro coñeceuse publicamente a designación por Povisa de D^a María Luisa Brandt Sanz para o posto directivo de xerencia de dita entidade concertadora co Sergas.

Como é ben sabido a mencionada M^a Luisa Brandt Sanz tiña desempeñado, ata o seu cese, o posto directivo-alto cargo de directora-xerente de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A, sendo designada a tal efecto por Orde do 26 de outubro de 2009, e contratada ao abeiro do réxime laboral especial de persoal de alta dirección.

O réxime de incompatibilidades do persoal directivo das empresas públicas autonómicas previsto na Lei 1/2016 ,do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de acordo co seu art. 37.1.c), é de aplicación aos *“directores e as directoras xerais e asimilados dos entes instrumentais do sector público autonómico previstos no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia”*. E dito art. 45 da Lei 16/2010 inclúe no seu ámbito de aplicación ás sociedades mercantís públicas autonómicas.

Do mesmo xeito, o artigo 45 da Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno recolle de forma expresa que *“1.Durante os dous anos seguintes á data do seu*



cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.... 3. Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos tampouco poderán asinar, nin por si mesmos nin a través de entidades participadas por eles directa ou indirectamente en máis do dez por cento, contratos de asistencia técnica, de servizos ou similares coa Administración pública na cal prestasen servizos, sempre que garden relación directa coas funcións que o alto cargo exercía. 4. Durante o mencionado período de dous anos, a que se refire o número 1, estas persoas deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian realizar, con carácter previo ao seu inicio.

Como é ben sabido o Sergas mantén desde hai anos o réxime de concerto con Povisa para a prestación de servizos sanitarios.

Como tamén é público e notorio que a empresa Galaria, da que foi xerente D^a María Luisa Brandt, foi quen cedeu a encomenda de supervisión da construción do novo Hospital de Vigo a Efficientia Clinical Management, que amparou o cambio da oferta hospitalaria, suprimindo unidades previstas (unidades de queimados e cirurxía maxilofacial), e que foron concertadas con Povisa, da que ex-directora xerente de Galaria é agora a súa xerente. .

Como tamén foi publicitado que unha das súas primeiras encomendas como directora de Povisa era a captación de pacientes da área sanitaria de Vigo, ata acadar o obxectivo dos 139.000 pacientes, o límite máximo do concerto co Sergas, o cal foi publicitado pola propia Povisa.

En consecuencia, a directora-xerente de Galaria, cesa en dita empresa pública de servizos sanitarios, e é “fichada” de inmediato polo hospital privado de maior concerto co Sergas, e sen que a Xunta teña feito nada para evitalo.



Por todo o exposto con anterioridade, os deputados asinantes presentan as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Considera a Xunta de Galicia que o nomeamento de D^a María Luisa Brandt como xerente de Povisa se axusta ao réxime de incompatibilidades regulado na Lei 1/2016, de Transparencia e bo goberno?.

2.- Ten coñecemento a Xunta de si se cumpriu o trámite de solicitar perante a oficina de incompatibilidades a declaración desta nova actividade ?.

3.- Considera ético a Xunta de Galicia que a ex-directora de Galaria cese no seu posto e sexa contratada de inmediato como xerente de Povisa, o hospital privado co maior concerto do Sergas?.

4.- Entende axustado a legalidade que a ex-directora de Galaria, e actual xerente de Povisa, teña intervido ou vaia a intervir en expedientes administrativos relacionados con Povisa ?.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sanchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 05/12/2017 18:29:05

Luis Villares Naveira na data 05/12/2017 18:29:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión 7ª**, relativa á nova reforma da PAC que prepara a CEE.

A reforma da PAC vén de mudar dunha forma notable coa comunicación que fixo no mes de novembro a Comisión Europa ao respecto. No documento presentado adianta as liñas xerais do que deberá ser a PAC máis alá de 2020 e a Comisión fai referencia a unha serie de dificultades e cuestións ás que se enfronta o medio rural.

Non obstante, a pesar de que parece que ese documento sae do análise que se conclúe despois de falar con labregas e labregos, as solucións propostas continúan dirixíndose a tratar os síntomas da enfermidade, e non a realizar os cambios estruturais que precisa unha Europa labrega e sostible.

Por desgraza, máis do mesmo, tal e como denuncia a Coordinadora Europea da Vía Campesina.

A Política Agraria Común custaralle aos europeos e europeas, entre 2014 e 2020, máis de 408.000 millóns de euros.

O medio rural e a agricultura comunitaria, o igual que a galega, viven en crise mentres as industrias e distribuidoras do sector seguen a enriquecerse.

Dende distintas asociacións sindicais e agrarias salientan varios puntos deste documento que merecen especial atención polo impacto que teñen sobre a agricultura labrega, a calidade de vida no medio rural e o sistema alimentario da cidadanía europea:



Xestión de riscos derivados do mercado e volatilidade de prezos: A Comisión continúa promovendo os seguros como remedio á crise de ingresos sufrida polos labregos e as labregas.

Axudas directas da PAC e a súa distribución: A Comisión insiste na distribución de axudas de acordo ás hectáreas. Os novos métodos para contabilizar as hc, débense equiparar os métodos que teñen noutras comunidades como Asturias ou Cataluña, onde recoñecen que debaixo dunha árbore, o gando tamén paze.

Plans estratéxicos: O documento propón un sistema novo con respecto á aplicación das axudas da PAC, baseado no cumprimento duns obxectivos xerais.

Promover a prosperidade rural: A Comisión Europea presenta a bioeconomía como un compoñente esencial para dinamizar o desenvolvemento rural. Mais, non é a bioeconomía a que vai dinamizar as zonas rurais de Galiza, senón a promoción dun sistema agrícola que conta con numerosas e diversificadas fincas e granxas no territorio.

Atracción da mocidade labrega: A xente moza galega non vai apostar pola profesión agraria cando o futuro das súas comarcas está abocada o fracaso por mor da desmantelamento dos servizos públicos.

Saúde, nutrición e sostenibilidade: No documento da Comisión Europea fálase disto pero seguen sen definir os modelos agrarios, alimentarios e comerciais quen de garantir unha produción de alimentos sans e nutritivos.

Por todo o exposto anteriormente o grupo parlamentar de En marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que opinión ten a Consellería de Medio Rural sobre o documento presentado que fala sobre o que deberá ser a PAC máis alá de 2020?



2. Que medidas ten pensado acometer a Xunta de Galicia para modificar distintas liñas dese documento?
3. Que liñas estratéxicas dese documento pensa mudar?
4. En que termos?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 05/12/2017 19:27:31

Paula Quinteiro Araújo na data 05/12/2017 19:27:41

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A mala xestión dos puríns nas granxas está a suscitar unha serie de problemas medioambientais, o que se traduce en queixas por parte de veciños/as que non se dedican á gandería, e viven preto das fincas nas que se verten puríns sen un plan de xestión correcto, amais doutros problemas como o seu impacto nos recursos hídricos da zona, xa que nalgúns casos pode contaminar mananciais, acuíferos, regatos e ríos. Algo que prexudica a unha parte importante da poboación nas zonas rurais.

Un dos cambios acordados para a PAC no 2018 é a obriga de que as granxas apliquen o purín a través dunha inxección no solo. Nas medidas de condicionalidade da PAC, prohíbese o espaxado dos xurros por bandexa ou canón, esixindo a súa inxección no chan, salvo determinadas excepcións xustificadas que se poidan decidir a nivel autonómico.

A inxección no solo implicaría tal aumento de custos que a fan “imposible de levar á práctica”, pois aumentaría sensiblemente o tempo de aplicación.

De non existir unha modulación da normativa en Galicia, o sector podería verse abocado a un grave problema para xestionar os 15 millóns de metros cúbicos de purín que se producen cada ano.

Polo tanto, os deputados que asinan preguntan:

1ª) Cal é a posición do Goberno galego respecto desta nova esixencia da PAC, en relación coa xestión dos puríns?



Grupo Parlamentario

2ª) Dadas as características do noso agro, realizou o Goberno galego algún informe sobre a aplicación dos puríns en Galicia en relación coa modificación da normativa reguladora da condicionalidade da PAC, se for o caso, cales foron os resultados?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Considera o Goberno galego viable para Galicia o sistema de inxección de puríns no solo?

4ª) Avaliou o Goberno galego os custos que supón para o sector gandeiro?

5ª) No caso de que se implante esta medida, como se desenvolvería o proceso para o sector gandeiro?

6ª) Que medidas vai establecer o Goberno galego para unha mellor xestión integral do purín, non só no método de administración e xestión?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 05/12/2017 13:21:51

José Antonio Quiroga Díaz na data 05/12/2017 13:22:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2017 13:22:16

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A ría do Barqueiro precisa dunha dragaxe urxente, a cal está pendente por parte da Xunta de Galicia dende 2013. Unha dragaxe da ría ao completo garantirá o futuro do sector marisqueiro da zona o que, se ve afectado negativamente debido a que a area está a tapar os bancos de marisqueo, complicando, no mellor dos casos, a actividade dos profesionais.

A dársena do porto actualmente está dragada, pero a area acumúlase na ría ano tras ano sen que a promesa do Partido Popular e de Portos de Galicia de dragala se chegue a materializar. Actualmente, segundo avisan dende a confraría de pescadores de Mugar dos, o calado é tan pequeno que na baixamar as embarcacións case non poden entrar en porto.

O número de postos de traballo da Ría do Barqueiro está nunha situación límite, xa que na actualidade so quedan 15 persoas (13 mulleres e 2 homes) e na que chegaron a ser aproximadamente 200 mariscadoras e mariscadores.

Por outra banda, en canto o produto, esta ría contiña unha gran cantidade de especies de moluscos, que se extraían de forma tradicional, como a coquina (desaparecida actualmente), a ameixa, o berberecho, a ostra e a navalla das que na actualidade case non hai capturas.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Está prevista por parte do Goberno galego, algunha actuación de estudo ou rexeneración para a ría do Barqueiro no termo municipal de Mañón, se for o caso, en que prazo?



Grupo Parlamentario

2ª) Ten previsto o Goberno galego realizar algún estudo ou actuación das regresións dos areais e correntes na zona, que están a provocar unha importante perda biolóxica entre as especies de moluscos nas zonas de extracción tradicionais, e á súa vez importantes perdas económicas nunha zona de gran interese ambiental, en caso afirmativo, cal e o prazo ?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/12/2017 11:49:02

María Dolores Toja Suárez na data 07/12/2017 11:49:12

Julio Torrado Quintela na data 07/12/2017 11:50:11

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Encarnación Amigo Díaz, Silvestre José Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 7ª; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Galicia é unha das comunidades autónomas que conta con maior número de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, o que supón unha oportunidade para a modernización e o crecemento do sector elaborador.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016, o avance nas marcas e distintivos de calidade figuraba como punto destacado e, en concreto, facíase referencia a “Seguir desenvolvendo as Indicacións Xeográficas actualmente iniciadas” entre as que se mencionaba expresamente a IXP Ribeiras do Morrazo.

Despois das eleccións, a Xunta cumpriu ese compromiso electoral ata o punto de que a colleita de 2017 será a primeira que poida producirse e comercializarse baixo este selo de calidade.

E isto é así porque dende o pasado mes de marzo, despois de terse publicado a orde petinente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, habilitouse a protección nacional transitoria que permite operar baixo este selo no mercado nacional.

Esta nova IXP aglutina aos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Vilaboa, Pontevedra, Poio e Redondela, que contan con algo máis de 2.300 hectáreas de viñado.

Os viños protexidos son brancos e tintos cunha graduación mínima de 11,5 e 10,0 % Vol., respectivamente. E as uvas, variedades brancas albariño, caíño branco, godello, loureira, treixadura, branco lexítimo e torrontés; e tintas, brancellao, caíño tinto, pedral, espadeiro, loureiro tinto, mencia e sousón.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Que valoración fai o Goberno galego dos resultados da recente creación da Indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo?

Santiago de Compostela, 7 de decembro 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 07/12/2017 12:18:44

José González Vázquez na data 07/12/2017 12:18:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/12/2017 12:19:10

Silvestre Balseiros Guinarte na data 07/12/2017 12:19:16

Moisés Blanco Paradelo na data 07/12/2017 12:19:27

Carlos Gómez Salgado na data 07/12/2017 12:19:38

Daniel Vega Pérez na data 07/12/2017 12:20:00

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Encarnación Amigo Díaz, Silvestre José Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 7ª; Agricultura, alimentación, Gandería e Montes.**

Contar cunha indicación xeográfica protexida ou unha denominación de orixe permite o desenvolvemento e consolidación da industria alimentaria da zona afectada. Contribúe substancialmente ademais a xerar riqueza e mesmo a dinamizala dende o punto de vista social e cultural.

Ata tal punto que en Galicia, que é unha das comunidades autónomas que conta con máis selos de calidade, 30.000 produtores e case 900 industrias traballan baixo o seu amparo. E a súa importancia económica é tal que o volumen de negocio deste tipo de produción certificada ronda os 350 millóns de euros.

No que respecta ao sector da carne de vacún, Galicia ocupa un lugar salientable en España, dado que o 15 por cento da carne que se produce no Estado procede da nosa comunidade autónoma. O selo 'Ternera galega', vixente dende 1994, é hoxe un exemplo de consolidación e recoñecemento no mercado dentro e fóra de Galicia.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016, o avance nas marcas e distintivos de calidade figuraba como punto destacado e, en concreto, facíase referencia a "Seguir desenvolvendo as Indicacións Xeográficas actualmente iniciadas" entre as que se mencionaba expresamente a IXP Vaca e Boi galegos.

Dende xuño deste ano e co fin de poñer en valor a produción de vacas e bois galegos púxose en marcha unha IXP que, ao contar coa protección nacional transitoria, permite a comercialización de vacas e bois baixo este selo de calidade no ámbito nacional.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Qué valoración fai o Goberno galego dos resultados da recente creación da Indicación Xeográfica Protexida Vaca e Boi de Galicia e da súa tramitación?.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 07/12/2017 11:47:34

José González Vázquez na data 07/12/2017 11:47:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/12/2017 11:48:17

Silvestre Balseiros Guinarte na data 07/12/2017 11:48:26

Moisés Blanco Paradelo na data 07/12/2017 11:48:35

Carlos Gómez Salgado na data 07/12/2017 12:01:45

Daniel Vega Pérez na data 07/12/2017 12:02:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Francisco Casal Vidal, Juan José Merlo Lorenzo e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a.

No mes de novembro de 2017 transcendeu que a Fiscalía remitira ao Xulgado de Instrución denuncia sobre as presuntas irregularidades na tramitación administrativa de diversos procedementos administrativos relativos á explotación das minas de “San Finx”, en Lousame, así como presuntos delitos contra o medio ambiente asociados a esas irregularidades. Nada máis aparecer a noticia, concretamente un día despois, a axencia de noticias EFE transmite un comunicado da Xunta *“en el que asegura que la declaración del impacto ambiental de la actividad en la mina de San Finx (Lousame, A Coruña) no era necesaria, de acuerdo con la legalidad vigente en el momento de la tramitación”*. Continúa indicando o comunicado, nun ‘botar balóns fóra’ que caracteriza a comunicación do Goberno, *“De acuerdo con la Administración autonómica, fue el anterior gobierno del bipartito el que autorizó la transmisión de derechos, y, por tanto, la titularidad de la actividad en la mina de San Finx”*.

Sorprende en primeiro lugar o lixeiro que foi o Goberno emitindo esta contundente resposta, particularmente cando diversos órganos da administración levan un ano solicitándolle á Consellería de Economía, Emprego e Industria que lle poñan esa mesma resposta por escrito. Por exemplo, o 23/12/2016, a Área de Verteduras de Augas de Galicia, realizou unha solicitude de Informe á Dirección Xeral de Enerxía e Minas sobre se a explotación mineira de San Finx precisaba contar con Estudo de Impacto Ambiental. Confiamos en que, un ano despois, as



declaracións do comunicado respondan a que xa fora emitido ese informe. Tamén esperamos que o informe consiga explicar como a "*Resolución de transmisión de dereitos mineiros*" ditada o 30/12/08 polo entón Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas, D. Anxo R. Calvo Silvosa e o Subdirector Xeral de Recursos Minerais, D. José Antonio Domínguez Varela, una resolución firme e nunca recorrida, podía condicionar a transmisión de dereitos mineiros a "*Presentar, no prazo de tres meses, un estudo de Impacto Ambiental do proxecto que nos ocupa, conforme o Real Decreto Legislativo 1/2008 , de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, e demais normativa de aplicación*", e que agora, segundo o seu comunicado, non sexa necesaria. Gustaríanos coñecer o informe que sustentou tales declaración.

Tamén a Valedora do Pobo e a Comisión de Transparencia levan meses esperando por informes desa Consellería relacionados coa mina en cuestión. De feito, neste mes de novembro, a Comisión da Transparencia de Galicia emitiu dúas resolución (58/2017 e 54/2017) de estimación total de queixas presentadas por dúas entidades ecoloxistas que solicitaron, en abril, consultar, entre outros documentos, un "*Estudio para el reconocimiento de urgencia y valoración de riesgos de las balsas mineras y escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia*". A pesar de que o Arquivo de Galicia confirmou que dito documento se encontra na Subdirección Xeral de Recursos Minerais, o departamento de minas, nin respondeu ás solicitudes das entidades , nin respondeu aos requirimentos de informes da Comisión da Transparencia, nin obedeceu a resolución deste órgano obrigándoo a entregar copia dos documentos solicitados.

Non é que sexa a oposición ou a propia Comisión de Transparencia a que deixa en evidencia como un determinado departamento da Xunta se pretende erixir como inmune á lei, son os tribunais. Neste mes de novembro o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou a Sentenza 600/2017, de 22 de novembro, anulando



resolucións do servizo de enerxía e minas da Coruña coas que se denegou novamente acceso a expedientes mineiros, e obrigando á súa Consellería a entregalos. Isto ilustra como a estratexia da súa Consellería parece ser a de obrigar ás entidades ambientais e veciñais a recorrer a longos e custosos procedementos xudiciais, deixando sen eficacia as solicitudes de información ambiental que deixarían en evidencia as posibles irregularidades nos proxectos mineiros en trámite.

Atendendo ao exposto, fórmulanse as seguintes **PREGUNTAS**:

1. Emitiu a Consellería de Economía, Emprego e Industria o informe requirido pola Área de Verteduras de Augas de Galicia o 23/12/2016, en relación á necesidade de que a explotación mineira de “San Finx” fose sometida a avaliación de impacto ambiental? Foi emitido calquera outro informe ao respecto, que puidese sustentar as supostas declaracións da Xunta indicando que non era necesario o trámite ambiental?
2. No caso de que estas declaracións non teñan base nun informe realizado por técnicos da Xunta de Galicia, pódeme indicar cal é a fonte deste comunicado, quen emitiu esas declaracións e cal é a base legal para que se realizaran de xeito público?
3. Existindo resolución firme, non recorrida, do departamento de minas, de 30/12/08, condicionando a transmisión dos dereitos mineiros de “San Finx” a presentar *estudo de Impacto Ambiental do proxecto*, pódeme explicar como a súa tramitación “*no era necesaria, de acordo con la legalidad vigente en el momento de la tramitación*”? Pódeme indicar cal é esa legalidade de referencia e que informe técnico sustentou o non cumprimento da resolución firme de 30/12/2008?
4. Pódeme indicar porque a Consellería de Economía, Emprego e Industria non respondeu ás solicitudes de información pública ambiental, incumprindo a lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo



gobierno, e a Convención de Aarhus, porque non respondeu aos requirimentos de informes da Comisión de Transparencia de Galicia sobre esas mesmas solicitudes, e porque, unha vez emitidas resolucións estimatorias totais, as incumpriu non remitindo a información aos solicitantes? Ten algún interese en ocultar os datos que obran na administración sobre as presas mineiras de San Fins? Porque?

5. Atendendo á Sentenza 600/2017, de 22 de novembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, vai continuar a súa Consellería incumprindo a legalidade en materia de acceso á información pública, emitindo resolución denegatorias contrarias ao ordenamento xurídico, respondendo con silencio ás solicitudes de información e de informes, por parte tanto da cidadanía como doutros órganos da administración?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Francisco Casal Vidal

Juan José Merlo Lorenzo

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Antón Sánchez García na data 07/12/2017 13:56:12

Francisco Casal Vidal na data 07/12/2017 13:56:24

Juan José Merlo Lorenzo na data 07/12/2017 13:56:34

Marcos Cal Ogando na data 07/12/2017 13:56:51



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Partido dos Socialistas de Galicia

O 17 de xullo de 2017 o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou de novo unha serie de iniciativas denunciando os sucesivos retrasos na definición e posta en marcha de todas actuacións comprendidas no proxecto de dragado ambiental da Ría do Burgo.

Tras o informe aprobado o 16 de decembro de 2013 pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo sobre o estado das rías galegas e a visita realizada por unha delegación de eurodeputados, o proxecto de dragado iniciado polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente tiña que estar rematado de forma definitiva en xullo de 2016. Lembremos que o documento de inicio do proxecto por parte da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural iniciárase oficialmente en outubro de 2013, hai xa catro anos, pero ata o 29 de xuño de 2016 non tivo entrada no órgano ambiental o expediente de información pública, o proxecto e o estudo de impacto ambiental.

No BOE do 27 de setembro deste ano publicouse finalmente a resolución da Secretaría de Estado de Medio Ambiente pola que se formula a declaración de impacto ambiental deste proxecto clave para a rexeneración ambiental e socioeconómica da Ría do Burgo. No EsIA seleccionase a alternativa 2 por presentar, segundo a avaliación realizada, impactos non significativos ou impactos compatibles e en varios casos o impacto de carácter positivo. Dentro das consultas realizadas polo órgano ambiental, Augas de Galicia emitiu os seus correspondentes informes.

Nos impactos significativos da alternativa elixida, recóllense os bancos marisqueiros afectados polo proxecto e as previsións da duración total do cese de actividade durante a súa execución, que se estima en 23 meses.

Téndose aínda que integrar a declaración de impacto ambiental no proxecto por parte do Ministerio, cómpre axilizar ao máximo o remate do proxecto, a súa licitación, a consignación nos orzamentos dos créditos necesarios para a súa completa execución e a programación das necesarias medidas técnicas e económicas que palíen a afección sobre os bancos marisqueiros e sobre a actividade dos mariscadores da ría do Burgo.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que coñecemento ten o Goberno galego sobre os prazos de licitación e execución do proxecto de dragado ambiental da ría do Burgo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Ten algunha previsión orzamentaria o Goberno galego para participar no cofinanciamento deste proxecto?

3ª) Cales son as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar as afeccións das obras de saneamento sobre a actividade marisqueira da ría do Burgo?

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/12/2017 13:37:25

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/12/2017 13:37:41

María Luisa Pierres López na data 07/12/2017 13:37:48

María Dolores Toja Suárez na data 07/12/2017 13:38:10

Julio Torrado Quintela na data 07/12/2017 13:38:21

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O 17 de xullo de 2017 o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou de novo unha serie de iniciativas denunciando os sucesivos retrasos na definición e posta en marcha de todas actuacións comprendidas no proxecto de dragado ambiental da Ría do Burgo.

Tras o informe aprobado o 16 de decembro de 2013 pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo sobre o estado das rías galegas e a visita realizada por unha delegación de eurodeputados, o proxecto de dragado iniciado polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente tiña que estar rematado de forma definitiva en xullo de 2016. Lembremos que o documento de inicio do proxecto por parte da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural iniciárase oficialmente en outubro de 2013, hai xa catro anos, pero ata o 29 de xuño de 2016 non tivo entrada no órgano ambiental o expediente de información pública, o proxecto e o estudo de impacto ambiental.

No BOE do 27 de setembro deste ano publicouse finalmente a resolución da Secretaría de Estado de Medio Ambiente pola que se formula a declaración de impacto ambiental deste proxecto clave para a rexeneración ambiental e socioeconómica da Ría do Burgo. No EsIA seleccionase a alternativa 2 por presentar, segundo a avaliación realizada, impactos non significativos ou impactos compatibles e en varios casos o impacto de carácter positivo. Dentro das consultas realizadas polo órgano ambiental, Augas de Galicia emitiu os seus correspondentes informes.

Nos impactos significativos da alternativa elixida, recóllense os bancos marisqueiros afectados polo proxecto e as previsións da duración total do cese de actividade durante a súa execución, que se estima en 23 meses.

Téndose aínda que integrar a declaración de impacto ambiental no proxecto por parte do Ministerio, cómpre axilizar ao máximo o remate do proxecto, a súa licitación, a consignación nos orzamentos dos créditos necesarios para a súa completa execución e a programación das necesarias medidas técnicas e económicas que palíen a afección sobre os bancos marisqueiros e sobre a actividade dos mariscadores da ría do Burgo.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que coñecemento ten o Goberno galego sobre os prazos de licitación e execución do proxecto de dragado ambiental da ría do Burgo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Ten algunha previsión orzamentaria o Goberno galego para participar no cofinanciamento deste proxecto?

3ª) Cales son as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar as afeccións das obras de saneamento sobre a actividade marisqueira da ría do Burgo?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/12/2017 13:38:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/12/2017 13:38:48

María Luisa Pierres López na data 07/12/2017 13:38:56

María Dolores Toja Suárez na data 07/12/2017 13:39:03

Julio Torrado Quintela na data 07/12/2017 13:39:17

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Tanto o mastín como outras razas de can pastor –moi frecuentes nas zonas rurais para protexer a gandería dos posibles depredadores como o lobo– son cans moi utilizados e estendidos por toda Galicia.

Non obstante, a pesares de que estes cans se atopan por todo o territorio, conseguir un exemplar de menos de 4 meses e con todos os certificados en orde en 6 días, como pretendía a resolución de axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo, convértese nunha misión máis que complicada nalgúns dos casos.

O prazo outorgado para xustificar as axudas (10 días naturais) remata o 11 de decembro de 2017 e, non foi ata o 30 de novembro do mesmo ano, que os/as gandeiros/as comezaron a recibir as primeiras resolucións de axuda para implantar estas medidas preventivas. Isto tradúcese en que simplemente teñen menos dunha semana (contando con dous festivos e dúas fins de semana polo medio) para realizar todos os trámites para conseguir e xustificar todo –achegando a documentación relativa aos controis sanitarios, a documentación acreditativa da identificación do animal e a súa inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos– tendo que atopar, mercar, pagar, identificar e certificar o gasto subvencionado. Polo que o tempo é un factor máis que determinante á hora de realizar estas xestións.

Todo isto sumado ao atraso no pago das indemnizacións por danos, está a causar unha gran desafección entre os/as gandeiros/as e cronifica o problema da convivencia coa fauna salvaxe, sendo os primeiros damnificados os habitantes do rural e a propia fauna. Cabe mencionar aquí, tamén, que como tantas veces se nos dixo, estamos na lexislatura do rural. Non obstante, esta segue a ser cada vez menos rural e máis de abandono deste.



Grupo Parlamentario

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia abrir un prazo extraordinario para poder xustificar a adquisición dun dos cans especificados na convocatoria e darlles así unha marxe de acción aos gandeiros/as?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Vai a Xunta de Galicia establecer un prazo suficiente para a xustificación das axudas nas posteriores convocatorias?

Pazo do Parlamento, 7 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/12/2017 16:46:47

José Antonio Quiroga Díaz na data 07/12/2017 16:47:00

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de control da CRTVG.

O xoves, 30 de novembro de 2017, a TVG publicaba a seguinte nova que se transcribe literalmente da páxina web da propia televisión:

“En Lalín, o tenente de alcalde e concelleiro de Servizos Sociais foi detido como o suposto autor dos delitos de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral. A investigación parte da denuncia presentada o mes pasado por un traballador do concello. Tras declarar ante a Garda Civil, o edil manifestou que é totalmente inocente e que colaborará coa xustiza se o caso chega aos tribunais.”

Na imaxe que acompaña á cabeceira da noticia na páxina web figura unha fotografía de D. Nicolás González Casares cun fondo do PSOE; no desenvolvemento da nova pódese ver a esta persoa nunha reunión.

O tratamento que da nova se fai noutros medios é, a modo de exemplo, o seguinte:

1. Investigado el teniente de alcalde de Lalín por presunto acoso y falsificación (*Faro de Vigo*).
2. Investigan al primer teniente de alcalde de Lalín por presunto acoso laboral y falsificación de documento público (*La Voz de Galicia*).
3. Investigan por falsificación y acoso al primer teniente de alcalde de Lalín (*El Correo Gallego*).
4. Investigado el primer teniente de alcalde de Lalín por supuesto acoso laboral y falsificación de documento (*La Vanguardia*).



Grupo Parlamentario

5. Investigan al teniente de alcalde de Lalín por acoso y
6. Investigan al teniente de alcalde de Lalín por acoso y falsificación documental (El Progreso).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E o desenvolvemento, coincidente en todos os medios sinalados, é que D. Nicolás González Casares compareceu ese xoves ante a Garda Civil en calidade de investigado como presunto autor dun delito de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral, e que o propio D. Nicolás González Casares negou ser detido e explicou que o martes anterior recibira unha chamada dun axente para comunicarlle que debía acudir ao cuartel da capital dezana ás 11 horas dese xoves, cousa que fixo acompañado do seu avogado.

Ese mesmo xoves, 30 de novembro, como unha especie de coincidencia cruel do destino, o director xeral da CRTVG respondía a unha pregunta deste grupo parlamentario sobre un posible caso de manipulación informativa na CRTVG, no seo da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG. Entre outras afirmacións, dixo que o código deontolóxico dos servizos informativos da corporación era máis esixente que os doutros medios de comunicación.

Unha vez máis, os feitos poñen en evidencia que non é así, e que os servizos informativos da CRTVG manipulan as novas con implicacións políticas de xeito que reduzan o impacto e eliminen calquera incidencia negativa sobre o Partido Popular e, pola contra, magnifican e mesmo menten, cando de prexudicar a outros partidos políticos se trata.

Non parece preciso poñer de manifesto a diferenza entre acudir a declarar voluntariamente ante unha citación policial ou xudicial e ser detido para prestar declaración; é unha diferenza que calquera coñece hoxe en día.

Por esa razón, e ante a obvia falta de verdade da nova publicada pola TVG e o tamén obvio coñecemento que os profesionais da TVG teñen da diferenza entre acudir a unha citación para declarar e ser detido para facelo, é forzoso concluír que nos atopamos ante un caso máis de manipulación política da información.



Grupo Parlamentario

Ante a situación exposta, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Contrastaron os periodistas se D. Nicolás González Casares foi detido o día 30 de novembro de 2017 pola Garda Civil de Lalín?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Se foi así, como se explica que desen por certa a detención cando non se produciu, ou, están equivocados todos os medios citados anteriormente?

3ª) Pese a evidente falsidade da nova, como é posible que aínda permaneza na web da CRTVG?

4ª) Pensa tomar algún tipo de medida a dirección da CRTVG contra os responsables da nova?


5ª) Entenden os responsables da CRTVG que encaixa en calquera código deontolóxico dun medio de comunicación público, máxime no moi esixente do propio medio, a difusión e mantemento de novas falsas como á que fai referencia esta pregunta?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2017 13:29:16

Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2017 13:29:23



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727